

Sala de repouso 3

- Hoxe temos présa.
- E iso? Présa por que?
- Teño cousas que facer.
- Comigo?
- Non podo dicilo. Comezamos.

Volveuse todo máis serio. Sentín como a sala realmente estaba preocupada, tremía e eu sentía pequenas cóxegas nos “brazos” cando falaba. Era como se de ela estivera a punto de emerxer algo e sentía que precisaba máis tempo para prepararse. Por eso decidiu facer as cousas máis rápido comigo. Sen facerme ningunha pregunta conseguín poñerme feliz ao pensar que tan só dúas das miñas vidas estaban en medio dun conflito, e quería rematalo antes de que calquera das outras puidera volver a decaer. Porque é así, as cousas non se solucionan para sempre, a vida continúa e eu, teño que seguir loitando por sete corazóns que levan unha vida complexa. Concentreime ben en todas as pautas que foran xurdindo, para apoiar á sala que morría de nervios. Tiña moitas preguntas, pero ben claro me deixou que era algo que non se podía contar. Nunca a vira así, sempre falaba co seu ton neutro e ás veces pode que un pouco amable, que cuestionaba o que eu dicía a cada momento.

- Vida número 4.

Repetiuno case como un robot. Bueno, pois coma sempre, pero con menos entoación e máis impaciente.

- Si?
- Saíches.
- Si.
- A última vez falamos de ti?
- Non.

Non me dera moito tempo para pensalo pero en canto respondín logo fun consciente de que non, non falamos da miña vida número 4 en ningún momento.

- E sabes por que non o falamos?

Non sabía se esa era unha pregunta para evaluar se o sabía ou a sala realmente non entendía por que non a mencionamos nas sesións. Supoño que a primeira opción, porque a sala é a que fai as preguntas en cada unha delas e ademais non comete erros. A cousa é que eu non tiña nin idea.

- Non. Por que?
- Estabas pechada nunha habitación. Facía falta reflexionar iso para logo sacar como simple conclusión que tiñas que saír?

- Ah. Non.
- Ademais, non fago maxia, iso era algo que tiñas que solucionar máis na túa vida presente que agora, pensando como se abre unha porta.
- Sigo sen entender como o fixen, pero supoño que como xa está solucionado da igual.
- Exacto. Iso agora non importa. Ben por ti, que saíches. Máis adiante probablemente teñamos que tratar os despistes da rapaza, porque neste caso tiveches sorte pero pode levala a un desenlace peor.
- Vale.

Eu non estaba alterada, tampouco tiña moito que falar. Saíra daquel tremendo inferno e avisara á xente que fose necesaria. Dentro duns días iría a buscar-me un dos monitores, tan só me perdera 2 días do campamento e aínda tiña todo o verán por diante para seguir facendo calquera cousa, así que a insistencia ou comentarios da sala déronme igual. Iso foi ata que me pillou desprevenida e notei como o meu cerebro envellecía 60 anos.

- Marcelo.
- Que.
- Como andas?
- Ben.
- Mentira.

Mentira? Eu ando ben, o que pasa é que teño os pequenos problemas que pode ter calquera persoa da miña idade e non son unha gran dificultade. Só estaba intentando aforrarlle á sala unha conversación que non tiña por que ter lugar.

- Que pasou entón? - isto díxeno eu desta vez.
- Pasa que non durmes un “carallo”.
- Oes, que eu diga esas expresións non significa que estean ben. Sala, pero non durmo porque o meu corpo non quere, non por andar facendo cousas para os rapaces.
- Xa, bueno, igual é por iso que o teu corpo non quere. Ben, se é algo de saúde, vai buscar cápsulas para o insomnio, e rematou o problema.

Houbo un silencio en medio. A sala estaba pensando, ata cuestionando a súa resposta. Eu sabía que era a vida máis difícil de descifrar, porque non son unha persoa aberta e me gusta ter as cousas gardadiñas, pero finalmente, eu son a miña sala, así que saberá o que di.

- Lúa.
- ...
- Non podes durmir por Lúa. Que che provoca esa muller?
- Curiosidade.

A sala entón empezou a facer millóns de preguntas na súa cabeza que sabía que se resolverían soas, así que deixou de contarmas e foise directamente á conclusión.

- Tes que saír de dúbidas.

- Concordo.

Esta foi unha visita bastante inútil.

- Vamos. Vaiamos co teu Sebastián, que teño que marchar.
- A min que me dis. Son o que teño máis problemas e andaches a falar moito co vello ese.

Sentín un pelizco na man esquerda. Estaba molesto? Si. Porque nunca lle fixera mal a ninguén e que eu saiba ata agora a sala non fixo ningún deses trucos solucionadores de vidas así de súpeto.

- Sei o que pensas. Fixéchelo todo ben ata que fuches un “pouco demasiado” imprudente arriscando a túa carreira estable en medicina. Está perfecto que te queiras dedicar ao que máis che gusta, pero baixa un pouco a cabeza do ceo. Entón, cando así sexa, virei a darte un empurrón.
- Entón? Que recomendas que faga?
- Saca o mellor de ti. Literalmente.
- Qu-

Entón comprendín. Foi triste pero comprendín.

Vida número 6 - A deda

Non o facía polo diñeiro en si. Nen sequera tampouco polos nenos aqueles, ao primeiro tivenlle puro interés, pero non me agradan moito os cativos, por iso nunca tiveron fillos. A verdade é que todo comezou como eu dixera. Dende a reunión de veciños non parara de pensar en Lúa e dormía pouquísimo polas noites. Espertaba e daba voltas pola casa sentindo o frío do chan nas plantas dos pés, pensando non sei por que se a auga da piscina da familia Rozas estaría tan conxelada. Volvía á cama e intentaba pechar os ollos ao tempo que contaba ovellas, pero nunca servía para nada. Aínda non falara cos veciños ningunha vez que non fora coincidencia desa reunión e precisaba facelo para intentar descubrir máis sobre a súa familia e, se a miña hipótese era certa, que era o máis probable, buscar a maneira de contactar con ela. Claro que todo sería moito máis fácil se lles preguntaba directamente, pero eu son un home complicado. Así que un día, cando saíron a dar un paseo e xusto levaron ao can, que podería ser un gran inconveniente noutro momento, mostrei as miñas habilidades aprendidas co tempo e abrín o valado do seu xardín. Intentei ser discreto pero á vez non parecer sospeitoso e actuei coa normalidade coa que podería actuar un home que ten permiso para acceder a ese recinto.

Nada máis entrei conseguín un bo avance do que pensaba atopar: entre o correo estaba unha boa cantidade de cartas procedentes de diferentes familiares, que parecían darlles a benvinda ao barrio dende fóra. Rebusquei entre as cartas e atopei milagrosamente unha de Lúa. Todo fora sumamente rápido, tiveron sorte de carallo.

Saquei o papeliño e lápiz que levava no peto todo o tempo e apuntei a dirección de onde proviña, intentei “ordenar” de algunha forma as cartas que estaban tiradas diante da porta

para non deixar pegada e saín de alí o antes posible. Agora si, xa tiña a miña afirmación, e tiña unhas ganas tremendas de compartir esa emoción cunha das mulleres da miña vida que máis parte de min formou. Nada máis cheguei a casa púxenme a escribir, púxenme a escribir as palabras máis cursis que se me pasaran pola cabeza, as frases que foron máis pensadas co tempo e agora por fin podería escribir. Ao rematar a carta, volví a lela e morrín da vergoña. Todo aquilo, tan instantáneo, tan forte, non podía mandarlo... Só con dicir que puxen que as súas bágoas formaban o océano entenderedes como me puxen. Gardei a carta nun caixón e pensei que xa se me ocorrería algo que facer. Tamén gardei a dirección e fun á cama a intentar durmir. Outra vez fallido.

Ao día seguinte espertei cunha gran idea na cabeza. Parara a reflexionar sobre o lugar onde estaba vivindo Lúa: "New York". Lembro cada vez que falaba deses altos edificios e luces pola noite. Sempre soñara con vivir alí e aínda agora, cos anos que tiña, soportaba todos aqueles ruidos e xuventude que percorre as rúas mezclándose entre eles. Sempre lle gustou todo iso. O caso é que eu podería viaxar a visitala, falar as cousas cara a cara, facer algo apasionante polo menos algunha vez na miña vida. Agora quería viaxar a toda costa, saír daquí e volver a escoitar a súa risa, e ulir o seu alento a café nas noites de película dos venres. Tiñamos tantos recordos, eu xa non sei que nos pasou, coas direccións adversas da vida do que cada un quixera conseguir. Todo o malo disto era que non tiña cartos suficientes como para voar tan lonxe. Todo o bo disto era que tiña novos veciños que si.

Pasei moito tempo para pensar como facer para cobrarlles por algo. Pensei en servirlles de algunha maneira, ou facendo algunha tarefa, pero logo caín en que son demasiado maior como para ser a súa primeira opción se realmente precisaran axuda.

Tiña que intentar establecer moitas máis relacións con eles, ata que me consideraran da familia? Iso soaba demasiado maníaco tendo en conta os fins reais que eu quería conseguir. Finalmente, non me fixo falta exprimer moito máis a miña cabeza pensando en cousas porque a oportunidade veu soa.

Un día, volvendo Oliver da escola, presenciei como unha nena morena e alta deixaba unha nota na súa mochila, silenciosa para que non se decatara o neno. Ao chegar a casa, este debeuna ver, porque saíu todo contento ao xardín a darlle aloumiños a *Ron*, que estaba perseguindo á súa propia cola. Despois duns minutos de danza alegre entre can e neno, ao último cambioulle completamente a cara. Volveuse un rostro cheo de temor e angustia, Oliver levou as mans á cabeza e choromicou un pouco. Eu dende a rúa do lado non podía ignorar que o neno estivese mal, así que crucei ata alí e pregunteille que pasaba.

- Oliver, neno, que pasou?

Asustouse un pouco antes de procesar a miña presenza e negou coa cabeza.

- Podo axudarte en algo? Vinte antes con esa rapaza, pero pensei que non estaba a dicirche nada malo.

Agora si que conseguín que soltara todo.

- Non, non era nada malo. De feito, era algo moi bo. Pero ela, ela é tan lista, e escribe tan ben, e quere que eu lle escriba un poema para ela tamén, e eu, eu non sei facer esas cousas... e vai deixar de quererme...

Dúas bágoas caeron á vez de novo pola face do neno e unha bombilla iluminou a miña cabeza.

- Eu podo axudarche. Eu escribo moi ben.

Sorprendeuse moito. Eu diría que demasiado. Intentei non sentirme ofendido.

- Si?
- Si. Podo axudarche cando queiras.

Pensouno un pouco.

- Agora.

E así estivemos. Pola tarde contoume todas as cousas bonitas daquela rapaza e eu fun anotándoas nunha libreta. Así, pola noite, fixen un poema que estivo preparado ao día seguinte. Deixei na alfombra da porta da súa casa, onde antes estaban as cartas e mandeille saúdos. Estiven toda a noite porque o poema debía ter éxito, e así foi como comecei o meu negocio.

Oliver contoulle á rapaza que eu lle axudara co poema; a rapaza, que resultou chamarse Nora, contoullo ao seu irmán maior, e este aos seus amigos, e así con máis xente. Entón empezou a vir xente a miña casa a pedir todo tipo de textos: narracións, poemas... case parecía que lles facía os deberes. E foi aí cando comecei a cobrar. Fun metendo o que gañaba nunha caixa destino Nova Iork. Esta semana foi a que máis gañei. Transcorreu así:

O luns veu unha nena xa cos seus anos, imos dicir adolescente, a pedir un poema que poidera deixar plasmados os sentimentos que levaba na súa cabeza o noivo da súa amiga para que a súa relación fose tan tóxica. Logo llo ensinaría a ela para que se dese conta do que realmente estaba a vivir. Non sei se entendín ben, pero desde a perspectiva do rapaz tóxico escribín:

Síntome só,
a casa fáiseme grande
e o corazón pequeno.
Os teus ollos son destellos
que brillan nos meus recordos

Síntome só porque respiro,
pero non vivo ata que non estás ti.
E aínda que non sempre estou igual,
non son capaz de deixar de facer tabú
do que te fai sentir mal

Preocúpate porque eu estou preocupado
por algo, e dígoche adeus, e preocúpate,
ponte triste porque che dixen algo seco

e non porque teñas as túas propias preocupacións.
Por que pensas tanto en ti
se eu estou só.

En fin. Que tristeza. Gustoulle moito. O máis sorprendente foi que me din conta máis tarde
de que a noiva dese rapaz me trouxera un poema feito por ela para llo corrixir unha semana
antes, e supoño que tiña que ver con iso.

Desfacirme de min
ata xa non ser eu ninguén
non precisei axuda,
coa túa forza,
baleiráchesme enteira.

Onde chegue o pensamento,
chegarei eu
e neboado está
opacado está,
de tanto berro inservíbel.

Sábesme a irrealidade,
e non foi de imaxinar,te,
como quen é outra cousa.
Es a materia que para vela
necesita explicación.

Derrotada está a gana
de saber de ti.
Pero a maquinaria
que me controla
empurra e empurra
indefinidamente.

Por iso preciso, desfacirme de min.

Desfacirme de min
para deixar de poseer
o máis triste do mundo.
Sempre desputando
como cada día
sobrevivirei a ti.

Es lonxe e mentes
sobre facerme preta

da felicidade.
Contigo só se atopa
unha ialma,
da que non soltas:
e son eu.

Por iso preciso, desfacerme de min.

Teño tanta pegada de ti,
que case que somos a mesma persoa.
E ti pensas polos dous,
e ti...
e ti...

Desfaite de min.

Non me deixes respirando,
ese ar da túa vida,
que xa está rota.

Así é como ademais de gañar diñeiro me fun enterando de moitas novas da xente.
Algunhas persoas ata se me achegaron só para pagarme se lles contaba algunhas. O
martes foi o día da nai e unha muller duns 40 anos veu canda min toda avergoñada a
pedirme se podía escribir algo para a súa, porque ela tiña moito traballo que facer e non lle
daba tempo. Así, este foi o resultado:

Mamá

Mamá, ti non eres así.

Aínda que diga, aínda que berre, aínda que chore,
ti non eres así.

Aínda que digas, aínda que berres, aínda que chores,
ti non eres así.

Ti eres libre, xúbilo, esvelta.
Exhaustas aos momentos,
espertas ás flores.

Ti traes ao meu mundo as cores,
ti trouxéchesme o mundo,
e ao mundo trouxécheslle a min.

Eres natureza, eres estrela, eres espello

A criatura máis bela en que cada día me reflexo.

Eres as horas eternas,
Das follas dun papel.
Estabas ahí antes de min
E despois do meu ser.

Cando el ou ela saiba que é feliz
Cando escoite cantar ao paxaro,
Cando respire puro,
Estará respirando á miña mamá.

E en ti levo como ti me levaches a min.
E en ti penso como ti pensaches
no gorda que estabas
Comigo dentro.

E en ti nazco e en ti morro,
Pois o meu final, é o teu regreso, é a túa chegada, é como un bico.

Ti eres libre, xúbilo, esvelta
Exhaustas aos momentos,
Despertas ás flores.

Ti traes ao meu mundo as cores,
ti trouxéchesme o mundo,
e ao mundo trouxécheslle a min.

O mércores acudiu a min un neno que dixo que lle apetecera escribir un poema vanguardista pero non sabía como. Souben inmediatamente que ese neno non sabía o que era un poema vanguardista e que esa era unha tarefa de clase. Pero como non me levaría case nada de tempo e gañaba diñeiro para a viaxe fíxenllo igual:

Paciencia.

Calor.

Trasgos.

Forza.

Aspecto de tolo.

Aspereza, crédulo.

Camiño de rosas.

Non.

Camiño de rosas non.

Golpea temerosa.

Golpea

golpea

golpea

golpea

Arrebatador de rosas

si

arrebatador de rosas

outra noite máis morto

que a anterior.

E xa está. Ben sinxelo. O neno tardou en pagarme porque non cría que eso valesse, pero logo na clase puxéronlle boa nota.

O xoves e o venres foron todos poemas de amor, de pérdidas e encontros, xa non sei de quen era cada cousa.

Quérote máis a ti que a min,
e pídoche que te queiras,
máis,
desbórdate
de amor e non de pranto.
De días rosas e soles brancos,
de merecerte o imposible,
a ser o mundo para min.

Quérote máis a ti que á auga,
e a auga cura, e da placer,
e a auga cae por un manantial,
como ti caíches,
como anxo do ceo.
Pero para manantial o teu cabelo,
e eu bebo a luz, que ti desprendes.

Quérote máis a ti que ao ollo,
co que vexo todo,
co que te vexo,
co que admiro o chan cando
de tanto chorar
de orgullo
o chan está borroso.

Quérote máis a ti que ao aire,
máis ben temo ao vento,
por se te fai voar
das miñas mans.

Fai un tempo que en cegueira
ou realidades asumín
que todas as fronteiras
non me impiden pensar en ti.

Fai un tempo que me din
-deixa de verte en soños-
pero me sigo atopando aquí,
e o meu corpo é tan pequeno.

Faise ínfimo á túa grandeza,
de nacemento descoñecido,
espontánea de beleza,
e desfeita do olvido

Miro, observo, no meu ambiente,
o que perdo neste niño,
no que desexa o meu ventre,
levar logo aos nosos fillos.

Debes de ser a maior pena,
que me cega ou da golpes
de verdade e mentira allea,
ao saber que non te agochas.

A miña memoria gardou,
dos teus pasos o sonido,
das túas pegadas no meu peito,
da túa voz tan só un suspiro.

Tal é que se non vivo enganada,
entón non tes rival,
eres máis alto que os astros,
máis feroz que un vendaval.

Sen sabelo ti o fas,
fasmé mirar e facerme ver,
que coñecendo todo o que existe,
mellor non din a coñecer.

Pois paseo e adéntrome
ao extremo do planeta,
veo paxaros, escoito ecos,
da túa memoria na miña cabeza.

E de súpeto caio,
caio no mundo,
e entón vexo, miro, observo,
arcos da vella,
flores,
sonrisas,
cores,
amigos,

olores,
bebidas,
cancións,
saídas un sábado,
grupos de señores,
dicionarios que definen o que é a perfección.
Míroo todo, procúroo todo, BEN me aseguro,
e agora xúrocho,
xa vin o máis bonito do mundo
e nada,
nada,
é máis bonito ca ti.

O sábado e domingo non fixen encargo ningún, porque si que me quedei durmido. Así transcorreron os días ata que chegou o verán. As rúas estaban cheas de xente nova, sobre todo, e os veciños entusiasmados por estrear a piscina, eu entusiasmado por ir de viaxe...

Ai, non. Están viñendo para aquí. Dende a fiestra podo ver como Xurxo camiña cara a miña porta e vai chamar. E se fago que non estou na casa? Nada, xa me viu. Que quere?

- Ola Marcelo, imos estrear a piscina. Igual non che gusta moito nadar, pero podes vir con nós a pasar o rato, levas todo o ano metido na casa.

Ía dicir que non, pero notei como era verdade que me estaba a quedar bastante pálido.

- Vale, moitas grazas, agora saio.

Non tiña nada que coller, pero me preparei mentalmente para facer algo así de aleatorio. Invitáronme a pasar á parte de atrás e trouxéronme unha tumbona. Eu respondía cun sorriso sempre, pero non dixen nada.

- E logo Marcelo, que vas facer este verán?

A muller botoulle unha mala ollada, indicándolle que non me falara de "ti".

- Pois vou ir a Nova Iork.

Non sei porque dixen iso. Olvidara todo.

- A miña nai vive alí! É un sitio chulo, pero é pésimo para pasar o verán, por que o escolliches?

A muller interrompiu:

- Marcelo, non quere unhas sandalias ou algo parecido? Vai morrer de calor con esos calcetíns.

- Está ben.

Levantouse e foi buscalas.

- Trae outras para min, por favor!- berrou Xurxo.

Estando alí os dous calados chegaron os nenos dando saltos.

- Papá, chegou outra carta da avoa!
- Mira ti que coincidencia. Imos lela. Impórtalle Marcelo?
- Non, non, claro que non. Adiante.

Querida familia,

grazas por escribirme todas as semanas, estou moi contenta e morro por que nos vexamos. Lembrádesvos desa foto que me mandastes da nova casa? Pois o voso veciño saiu no fondo e eu sei que o coñezo. Querería que lle mandarades os meus saúdos e lle digades que é seu.

Moitos bicos,

Lúa.

Os tres quedaron mirando para min e logo empezaron a rir.

- O mundo é un pano, eh? Como é que non sabiamos que vos coñecíades? Que boa noticia! Xa lle escribirá vostede outra carta.
- Fálame de ti, non te preocupes.

Mentres seguían a falar eu non paraba de pensar en que significaba o que Lúa escribira. Déronme as miñas sandalias e Xurxo e máis eu descalzámonos. Cando vin os seus pés notei como a súa deda pequena estaba botada cara dentro, de xeito que non se podía poñer recta aínda que a botaras cara atrás, xusto igual que o que me pasaba a min. Entón entendín todo. Entendín o que quería decir con “É seu”. Sen parar de mirar aos seus pés iguais aos meus pensei:

“Xurxo é meu”.

Vida número 6- fin do conflito.

Vida número 7- sempre volve

Estiven moito tempo pasando pola mesma escola a agasallar doces aos nenos. En algún momento pensei se podería canxear tantas cantidades de doces por cartos reais, pero é unha estupidez, así que deixei a idea de lado. Ademais de presentar currículums en moitos sitios para obter emprego, estiven traballando outras oportunidades. Isto é porque aínda que fun e son moi bo médico e teño moitos recursos, o traballo na miña cidade é moi difícil de conseguir, moitísimos postos están ocupados. Ademais, ultimamente collín moi mala

fama con esto de pasarme por diante das escolas e ata creo que saín no xornal. Non o sei seguro porque non comprei o xornal, para aforrar cartos. A cousa é que estou pensando que se me pode dar ben para que me poidan dar esmola pola rúa.

Un día camiñando atopei un grupo de xente que tocaba música. Non parecían estar comprometidos con nada, simplemente tocaban por gusto, e non tiñan un lugar para depositar diñeiro. Pregunteilles se me poderían ensinar a tocar algo e asentiron de seguida. O primeiro que intentei tocar foi o violín, pero a verdade é que se trata dun instrumento moi, moi complicado e co que se non tes coidado, podes facer que os oídos das outras persoas deixen de escoitar para sempre. O segundo foi a pandeireta. Esa non estivo nada mal a verdade, si que foi complicada, pero das que menos, e despois dun par de semanas tomando clases souben tocar o máis simple.

Entón saín á rúa todo contento para mostrar o meu novo talento á xente, pero non pareceu que eles opinaran o mesmo ca min sobre unha boa actuación, así que non gañei ningunha moeda. Enfadado comigo mesmo e co resto da poboación galega pensei en comezar a aprender un novo instrumento, pero caín na conta de que a partir de ahí todos eran máis complexos e levarían un montón de tempo para aprendelos. Aínda así, como comprobei, sería demasiado pouco o que sabería tocar con eles, así que deixei o ámbito dos instrumentos por un tempo e despedínme do meu grupo querido.

Estiven dándolle voltas ao tema da pintura, e cometín o grave erro de empezar a facer retratos á xente sen antes asistir a clases que dixeran, sobre todo, como se debuxaba de xeito realista. Con todo, a xente dixo moitas barbaridades sobre os meus debuxos e tiven que aguantar as críticas. Despois de dicir que era unha estafa, a miña mala reputación creceu en pouco tempo. Todo ía mal, mal, peor ca nunca.

A miña complexión era delgada e longa, perfecta para poder bailar calquera cousa clásica, pero o mundo quixo facerme a persoa máis ríxida do planeta e descartearno.

Empecei a mirar entón tamén que podía encaixar conmigo segundo as miñas apariencias. Sempre levaba un gorriño violeta, que non era exactamente unha viseira, pero podía traballarme como rapeiro.

Pasei un mes, dende que me fun presentando a concursos de “Freestyle”, que foron obviamente todos perdidos, pero necesitaba aprender doutros e mellorar eu. Aínda así, eu creo que lle fixen graza ao público de cada un deles e digamos que sou un pouquiño viral nas redes. De todas formas, ninguén me deu diñeiro por iso.

Estaba xa perdendo en todo as esperanzas, planteárame facer maxia (pero non tiña con que), facer chistes (pero non son moi ocurrente a verdade), etc.

A única opción que me quedou finalmente foi sentarme nunha esquina da rúa máis coñecida da cidade, suxeitando o meu gorro, e poñendo a cara que se correspondía á miña dor. Unha dor que levaba soportando toda a vida. A do rechazo, a da soidade. Por fin caín na realidade e na tristeza que esta conleva.

Así pasou un ano, e conseguín sustentarme no límite, facendo o mesmo todos os días, estando alí sentadiño co brazo estendido. O único que alegraba o meu día era a saída dos nenos das escolas, que ían saudar, aínda que xa non me preguntaban por doces, que se me acabaran fai moito tempo.

Un día os negocios da cidade empezaron a ampliarse, pero eu xa non sabía se tería forzas para implicarme de novo no mundo laboral. En todo caso, quería estudar algo novo e refacer a miña vida. Gratamente, ese pensamento coincidiu co que pasou aquela tarde.

- Atopeite grazas ás redes.- tirou unhas moedas no gorro.

Erguín a cabeza e vin a aquela nena, xa feita unha muller, mirando cara min, coma se volveuse a luz ao meu mundo.

- Alicia!

Só puiden chorar.

- Abriron as FP de educación infantil, vamos apuntarte.

Seguín chorando todo o camiño.

Non sei se pensaban abandoarme para sempre, ou que farían, nese momento non pedín explicación, pero eu sempre souben que Alicia era especial e que, pase o que pase, a familia

sempre volve.

Vida número 7- fin do conflito.

Sala de repouso- fin

A sala percorreu as rúas pola noite coma unha tola. Estivera todo o día pensando no acontecemento e sentindo uns nervios humanos indescriptibles. Apertou o paso e iniciou o buscador idóneo, no hospital acertado. Entrou sen que ninguén a vira e pensou en se lle faría graza ás 7 vidas todo isto.

Cando chegou alí, viu que era a hora. Mirou para a cara do cativo e se introduciu na súa mente, construíndo por dentro del a unha nova persoa, a que sería nada máis nacer.

Unha nova vida se sumou ás outras 7. Un novo camiño estimulante que percorrer cada mes, na sala de repouso.

- Benvido.

FIN.